

Bases específicas prazas incluídas na OEP 2008 e convocatoria das prazas de Técnico superior e administrativo de Administración xeral

GABRIEL TORRENTE PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).

Visto que a oferta de emprego público de 2008 aprobouse por Resolución desta alcaldía nº116/2008, de 22 de febreiro de 2008, publicada no BOP nº 70 do 27.03.2008 e no DOG nº 65 do 04.04.2008.

Vistas as Bases xerais reguladoras do proceso de selección de funcionarios de carreira e persoal laboral fixo correspondentes ás prazas incluídas na oferta de emprego público do ano 2008 aprobadas por Resolución nº 3093/2010, e publicada no BOP nº 85 do 07.05.2010.

Vistas as bases específicas da convocatoria para a provisión en propiedade con funcionarios de carreira dunha praza de Técnico superior e unha praza de administrativo de administración xeral, ambas da Área de Administración xeral e réxime interno; e vista a situación de precariedade da citada Área.

Visto o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o disposto no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, no uso das atribucións legamente conferidas, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas da convocatoria para a provisión en propiedade con funcionario de carreira dunha praza de Técnico superior de Administración Local, por oposición libre, encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, incluída na oferta de emprego público do Concello de Pontedeume para 2008, *(que se transcriben como anexo I ao presente acordo)*, e convocar as correspondentes probas selectivas.

SEGUNDO.- Aprobar as bases específicas da convocatoria para a provisión en propiedade con funcionario de carreira dunha praza de Administrativo de Administración xeral, por oposición libre, encadrada na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, incluída na oferta de emprego público do Concello de Pontedeume para 2008, *(que se transcriben como anexo II ao presente acordo)*, e convocar as correspondentes probas selectivas.

TERCEIRO.- A convocatoria, xuntamente coas súas bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e un extracto detallado no Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia, producíndose os efectos administrativos desde a data do Boletín Oficial do Estado no que se publique o extracto.

ANEXO I

CONVOCATORIA ESPECÍFICA 2/2008: BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN

1.- Descrición da praza

Denominación: Técnico/a superior en Administración local

Área de adscripción: Área de Administración Xeral e Réxime Interno

Tipo de persoal: Funcionario

Escala: Administración Xeral

Subescala: Técnica

Grupo: A

Subgrupo: A1

Nivel: 24

Funcións: As descritas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Pontedeume, aprobada definitivamente polo pleno na sesión celebrada o 22 de febreiro de 2007.

Observacións: Praza incluída na oferta de emprego público do exercicio de 2008, publicada no BOP nº 70 do 27.03.2008 e no DOG nº 65 do 04.04.2008.

2.- Sistema.

Oposición.

3. - Retribucións.

As retribucións correspondentes á citada praza, fixadas conforme ao establecido na lexislación vixente e concretadas no orzamento e na relación de postos de traballo.

4.-Requisitos.

Os establecidos na base xeral segunda, sendo necesario, polo que atinxe á titulación, estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, do título universitario de Licenciado en Dereito ou Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración.

5.- Documentación.

As solicitudes para participar no proceso selectivo terán que axustarse ao modelo establecido como Anexo I que se achega ás Bases Xerais e deberá xuntarse:

1.- A contida na base terceira das xerais.

2.- Copia auténtica ou compulsada do certificado ou documento acreditativo de coñecemento da lingua galega Celga 4 ou equivalente, para os efectos da exención prevista no exercicio correspondente.

6. Dereitos de exame.

Os dereitos de exame fíxanse en 20,00 euros.

7. Composición do Tribunal:

Estará constituído por:

- Presidente: un funcionario de carreira, titular e suplente

- Secretaria: a da Corporación e suplente

- Vogais: tres titulares e suplentes, funcionarios de carreira.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír titulación igual ou superior aos postos de traballo obxecto da convocatoria, cumprindo o disposto no artigo 60 do EBEP.

A desinación nominal dos membros do Tribunal incluírá a dos respectivos suplentes e publicarase, como mínimo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, xunto coa publicación da relación definitiva dos admitidos.

8. Proceso selectivo:

A oposición constará de catro exercicios, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio:

Primeiro exercicio:

Consistirá na exposición, por escrito, de dous temas, elixidos polos aspirantes, de entre catro extraídos ao chou entre os que figuran na parte primeira e segunda do programa do Anexo, antes da celebración do exercicio. O Tribunal ao comezo da proba extraerá catro temas, dous de cada parte -primeira e segunda-, e os aspirantes deberán expoñer un de cada unha das partes. O tempo máximo de realización deste exercicio será de dúas horas.

Neste exercicio valorárase a formación xeral, a claridade e orde de ideas, facilidade de exposición escrita, e a capacidade de síntesis.

Tras o remate do tempo de exposición escrita, o tribunal poderá determinar a lectura individualizada do exercicio, podendo requirir ao aspirante aclaracións explicativas ao respecto da exposición escrita.

Segundo exercicio.-

Consistirá en desenvolver oralmente, no tempo máximo de unha hora, tres temas extraídos ao chou entre os que figuran na parte terceira do programa do Anexo desta convocatoria.

Ao remate do exercicio, e previamente á súa cualificación, o Tribunal Cualificador poderá dialogar cos aspirantes sobre o contido do exposto, durante un tempo máximo de dez minutos en cada exercicio

Terceiro exercicio.-

Consistirá en desenvolver por escrito, no tempo máximo de catro horas, dous casos prácticos fixados polo Tribunal en relación coas funcións da praza obxecto desta convocatoria, aínda que non se axuste estritamente a un epígrafe concreto do Programa do Anexo.

Para realizar este exercicio os aspirantes poderán asistir cos textos legais que estimen pertinentes e proceder á súa consulta.

Ao remate do exercicio, e previamente á súa cualificación, o Tribunal Cualificador poderá acordar que cada opositor faga una lectura publica do mesmo, reservándose a facultade de dialogar cos aspirantes, coa fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto, durante un tempo máximo de dez minutos en cada exercicio.

Cuarto exercicio.- Coñecemento da lingua galega.

O exercicio consistirá en traducir un texto facilitado polo tribunal do castelán ao galego ou do galego ao castelán, sen axuda de dicionario e no tempo máximo de media hora.

Estarán exentos da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten posuír titulación acreditativa de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou equivalente.

9.-Cualificación.

Cada exercicio puntuarase do seguinte xeito:

Primeiro exercicio: de 0 a 10,00 puntos. Sendo precisos 05,00 puntos para superar a proba.

Segundo exercicio: de 0 a 10,00 puntos. Sendo necesarios 05,00 puntos para superar a proba.

Terceiro exercicio: de 0 a 10,00 puntos. Sendo necesarios 05,00 puntos para superar a proba.

Cuarto exercicio: Apto ou non apto, sendo necesario obter "apto" para superar a proba.

A puntuación final será o resultado da suma da puntuación obtida nos diversos exercicios, sempre e cando os aspirantes superen todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición.

ANEXO PROGRAMA

1ª Parte.- Dereito Constitucional e Comunitario

Tema 1.-A Constitución Española de 1978. Estrutura. Contido esencial.

Tema 2.- Principios que informan a Constitución Española de 1978. O Título Preliminar da Constitución.

Tema 3.- Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Os principios rectores da política social e económica.

Tema 4.- A Coroa. Atribucións según a Constitución.

Tema 5.- As Cortes xerais. Composición, regulación e funcionamento das cámaras. Órganos de control dependentes das Cortes xerais. O Defensor do Pobo e o Tribunal de Contas.

Tema 6.- O Goberno no sistema constitucional español. A Lei do Goberno. O control parlamentario do Goberno. Relaciones entre o Goberno e as Cortes Xerais.

Tema 7.- O Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. A Lei orgánica do Poder Xudicial. A Lei de Demarcación e Planta xudicial.

Tema 8.- O tribunal Constitucional na Constitución e na Lei orgánica. Natureza. Organización. Funcións. Composición. Competencias. A Xurisprudencia Constitucional.

Tema 9.- A Administración Pública na Constitución.

Tema 10.- A Administración do Estado. A Lei de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Estado. Estrutura.

Tema 11.- A Organización Territorial do Estado na Constitución. A distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Referencia á Xurisprudencia do Tribunal Constitucional sobre o Título VIII da Constitución.

Tema 12.- As Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía. As relacións entre o Estado e as Comunidades Autónomas. A financiación das Comunidades Autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia. A Xunta de Galicia. O seu Parlamento.

Tema 13.- A Administración institucional. Os organismos públicos. Organismos autónomos e entidades públicas empresariais. As axencias públicas.

Tema 14.- A Unión Europea. Institucións comunitarias, organización e competencias. O Comité das Rexións. A Unión Económica e Monetaria.

Tema 15.- As fontes do Dereito Administrativo. O dereito comunitario. Os Tratados Internacionais como norma de Dereito interno.

Tema 16.-A Lei. Elaboración e aprobación das Leis. Tipos de Leis na Constitución. Disposicións do Goberno con forza de Lei. As relacións entre o Ordenamento Estatal e o Autonómico.

Tema 17.-O Regulamento. A potestade regulamentaria. Distinción de figuras afíns. Las relacións entre a Lei e o Regulamento. Inderogabilidade singular dos Regulamentos.

2ª Parte.- Dereito administrativo xeral

Tema 18.- Os conceptos de administración pública e dereito administrativo. O sometemento da administración ao dereito. O principio de legalidade. Potestades administrativas.

Tema 19.- O administrado: concepto e clases. A capacidade dos administrados e as súas causas modificativas. As situacións xurídicas do administrado. Dereitos subxectivos e intereses lexítimos.

Tema 20.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: a motivación e forma.

Tema 21.- A eficacia dos actos administrativos: o principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra administración. A demora e retroactividade da eficacia.

Tema 22.- A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.

Tema 23.- Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. Clases de interesados no procedemento. Dereito dos administrados.

Tema 24.- A iniciación do procedemento administrativo: clases, corrección e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrucción: intervención dos interesados, proba e informes.

Tema 25.- Terminación do procedemento. A obriga de resolver. Contido da resolución expresa: principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. A desistencia e a renuncia. A caducidade.

Tema 26.- A coacción administrativa: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

Tema 27.- Os recursos administrativos: principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos.

Tema 28.- As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións civís e laborais. As reclamacións económico-administrativas. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

Tema 29.- A xurisdicción contencioso-administrativa. Natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdicción e as súas competencias. As partes: legitimación. O obxecto do recurso contencioso-administrativo.

Tema 30.- A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e as súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas.

Tema 31.- Os contratos do sector público: delimitación. Os principios xerais da contratación do sector público: racionalidade, liberdade de pactos e contido mínimo, perfección e forma, a información, o réxime da invalidez e a revisión de decisións en materia de contratación.

Tema 32.- As partes nos contratos do sector público. O órgano de contratación. O empresario: capacidade, prohibicións, solvencia e clasificación.

Tema 33.- A preparación dos contratos polas Administracións Públicas. Clase de expedientes de contratación. A selección do contratista: procedementos, formas e criterios de adjudicación. Garantías. Perfeccionamento e formalización dos contratos. A invalidez dos contratos. Racionalización técnica da contratación. Acordos marco. Sistemas dinámicos de contratación. Centrais de contratación.

Tema 34.- Execución e modificacións dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. A revisión de prezos. A extinción dos contratos administrativos. A cesión dos contratos e a subcontratación.

Tema 35.- O contrato de obras. Actuacións administrativas preparatorias. Formas de adjudicación. Formalización. Efectos. Extinción. A cesión do contrato e subcontrato de obras. Execución de obras pola Administración.

Tema 36.- O contrato de concesión de obra pública: principios, dereitos e obrigas das partes. Prerrogativas e dereitos da Administración. Réxime económico financeiro. Extinción. Subcontratación.

Tema 37.- O contrato de subministro: réxime xurídico. Execución, modificación, cumprimento e resolución. O contrato de servizos: réxime xurídico. Execución, modificación, cumprimento e resolución.

Tema 38.- Contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado. Organización administrativa da contratación. Apicación da Lei de contratos do sector público ás Entidades Locais.

Tema 39.- A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiadora. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.

Tema 40.- A responsabilidade patrimonial da Administración pública: caracteres. Os presupostos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

Tema 41.- A actividade administrativa de prestación de servizos. A iniciativa económica pública e os servizos públicos. O servizo público. Concepto. Evolución e crise. As formas de xestión dos servizos públicos.

Tema 42.- As outras formas de actividade administrativa. A actividade de policía: a intervención administrativa local na actividade privada. As licenzas e as autorizacións administrativas. A policía da seguridade pública. Actividade de fomento: as súas técnicas; especial referencia das subvencións.

Tema 43.- As propiedades públicas: tipoloxía. O dominio público, concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniais. Réxime xurídico do dominio público. Utilización: Reserva e concesión.

Tema 44.- O Patrimonio privado das Administracións Públicas. Réxime xurídico. Potestades da Administración e réxime de adquisición, uso e enaxenación.

3ª Parte.- Dereito administrativo local

Tema 45.- O réxime local: significado e evolución histórica. A Administración local na Constitución. A Carta Europea da autonomía local. O principio de autonomía local: significado, contido e límites.

Tema 46.- As fontes do Dereito local. Regulación básica do Estado e normativa das comunidades autónomas en materia de réxime local. A incidencia da lexislación sectorial sobre o réxime local.

Tema 47.- La Ley 5/97, de 22 de julio, de administración local de Galicia.

Tema 48.- A potestade regulamentaria das entidades locais: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración. Os bandos. O regulamento orgánico.

Tema 49.- O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica.

Tema 50.- A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereito dos estranxeiros.

Tema 51- A organización municipal. Os municipios de réxime común. Órganos necesarios: o alcalde, tenentes de alcalde, o pleno e a xunta de goberno local. Órganos complementarios: comisións informativas e outros órganos. Os municipios de gran poboación: especialidades do seu réxime orgánico-funcional. Os grupos políticos. A participación veciñal na xestión municipal. O concello aberto. Outros réximes especiais.

Tema 52- A Organización do Concello de Pontedeume.

Tema 53- As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.

Tema 54.- Réxime da impugnación dos actos e acordos locais no caso de conflito coa administración do Estado e da comunidade autónoma e exercicio de accións. Substitución e disolución das Corporacións Locais.

Tema 55.- A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. As reaccións entre as comunidades autónomas e as deputacións provinciais. Réximes especiais. As illas: os consellos e cabidos insulares.

Tema 56 Outras entidades locais. Lexislación básica e lexislación autonómica. Entidades locais de ámbito inferior ao municipio. As comarcas. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas.

Tema 57.O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos concelleiros e alcaldes. Elección de deputados provinciais e presidentes. Elección de conselleiros e presidentes de cabidos e consellos insulares.

Tema 58.- A moción de censura no ámbito local. O recurso contencioso-electoral. O estatuto dos membros electivos das corporacións locais.

Tema 59.- Réxime de sesións e acordos dos órganos de goberno local. Actas, certificacións, comunicacións, notificacións e publicación dos acordos. O rexistro de documentos.

Tema 60.- A iniciativa pública económica das entidades locais e a reserva de servizos. O servizo público nas entidades locais. As formas de xestión directa.

Tema 61.- A xestión indirecta: a concesión de servizos públicos. Concepto e natureza. Elementos. Potestades da Administración Pública. Dereitos e obrigas do concesionario. Relacións do concesionario cos usuarios. Extinción da concesión. Outras formas de xestión indirecta dos servizos públicos. Os consorcios.

Tema 62.- Os bens das entidades locais. Clases. Bens de dominio público. Bens patrimoniais. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.

Tema 63.- O persoal ao servizo das Corporacións Locais: clases e réxime xurídico. A función pública local: clases de funcionarios locais. Os instrumentos de organización do persoal. Os instrumentos reguladores dos recursos humanos: a oferta de emprego, os plans de emprego e outros sistemas de racionalización.

Tema 64.- O acceso aos empregos locais: principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: sistemas de provisión. O contrato de traballo. As situacións administrativas dos empregados públicos.

Tema 65.- A relación estatutaria. Os dereitos dos funcionarios locais. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira profesional e ás retribucións. O réxime de Seguridade Social. Dereitos colectivos. Sindicación e representación. O dereito de folga. A negociación colectiva.

Tema 66.- Os deberes dos empregados públicos. O réxime disciplinario. O réxime de responsabilidade civil, penal e patrimonial. O réxime de incompatibilidades. Os delitos cometidos por funcionarios públicos locais.

Tema 67.- Os dereitos constitucionais dos empregados públicos. Políticas de promoción da paridade de xénero nas Administracións Públicas.

Tema 68.- A lexislación laboral. O contrato de traballo. Concepto, clases e modalidades. Modificación, suspensión e extinción da relación laboral. Dereitos e deberes dos traballadores e empresarios.

Tema 69.- Os Convenios colectivos. O dereito de folga e o seu exercicio. A adopción de medidas de conflito colectivo, a representación dos traballadores na empresa.

Tema 70.- A Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia. O ámbito da competencia urbanística. Fins e dirección da actividade urbanística. A clasificación do solo.

Tema 71.- Dereitos e deberes dos propietarios do solo urbano e urbanizable.

Tema 72.- Dereitos e deberes dos propietarios do solo de núcleo rural. Condicións de uso e edificación no solo de núcleo rural. O solo rústico, réxime, condicións de uso e de edificación.

Tema 73.- Os instrumentos de ordenación. Os límites de sustentabilidade no planeamento urbanístico. As reservas de solo nos plans xerais. Normas de calidade urbana. A división de solo urbano e urbanizable. Estudos de sustentabilidade ambiental.

Tema 74.- Normas Subsidiarias e Complementarias de planeamento. O Plan Xeral de Ordenación Municipal. Determinacións de carácter xeral e determinacións nas distintas clases e categorías de solo. Estratexia de actuación, estudo económico financeiro e documentación dos Plans Xerais. Réxime do patrimonio histórico-artístico.

Tema 75.- O Planeamento de desenvolvemento: Os Plans Parciais. Obxecto, determinacións e documentación.

Tema 76.- O Planeamento de desenvolvemento: Plans Sectoriais; Plans Especiais; Estudos de Detalle; Plan de iniciativa particular; catálogos.

Tema 77.- Elaboración e aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística. Vixencia e revisións dos Plans. Efectos da súa aprobación.

Tema 78.- As normas de aplicación directa. Execución dos Plans de ordenación.

Tema 79.- Areas de reparto. Regras xerais para a equidistribución. Polígonos de execución e outros instrumentos da xestión urbanística.

Tema 80.- Sistemas de actuación. Elección do sistema. O cumprimento das previsións de urbanización. Polígonos con exceso de aproveitamento real e polígonos con aproveitamento inferior ao apropiable. Distribución xusta de cargas e beneficios. Gastos de urbanización.

Tema 81.- Sistema de Cooperación. Sistema de Expropiación.

Tema 82.- Sistema de Concerto. Sistema de Compensación e Sistema de concesión de obra urbanizadora.

Tema 83.- Obtención de terreos de sistemas xerais e de dotacións públicas. Instrumentos de execución dos plans en solo de núcleo rural.

Tema 84.- Instrumentos de intervención no mercado do solo: Os patrimonios públicos do solo. O dereito de superficie. O dereito de tanteo e retracto. As vivendas de protección autonómica e o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Tema 85.- Fomento da edificación. Intervención na edificación e uso do solo: Licencias urbanísticas. Procedemento de outorgamento de licencias. Prelación de licencias e outros títulos administrativos. Caducidade das licencias. Actos promovidos por outras Administracións Públicas.

Tema 86.- Deber de conservación e ruina. Fomento da conservación e rehabilitación das edificacións tradicionais. Parcelacións.

Tema 87.- Disciplina urbanística; A inspección urbanística. A protección da legalidade urbanística. Infraccións e sancións.

Tema 88.- Organización da actividade urbanística: Administracións competentes. Órganos urbanísticos no ámbito da Comunidade Autónoma. Órganos urbanísticos no ámbito local. O xurado de expropiación de Galicia.

Tema 89.- Os Convenios urbanísticos.

Tema 90.- O réxime transitorio da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. A aplicación da Lei do Solo de Galicia no marco do Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo.

Tema 91.- Ordenación do territorio: principios xerais. A Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia. As directrices de ordenación do territorio.

Tema 92.- A protección do medio ambiente. Lexislación comunitaria, estatal e autonómica. A avaliación ou declaración de impacto ou efectos ambientais. A incidencia ambiental.

Tema 93.- Espazos naturais: lexislación estatal e autonómica. Espazos naturais de interese comunitario: a Rede Natura 2000. Usos permitidos e prohibidos nas zonas de especial conservación. .

Tema 94.- O patrimonio cultural: evolución do concepto de Patrimonio a través dos documentos e cartas internacionais. A Lei 8/1995 de Protección do Patrimonio Cultural de Galicia.

Tema 95.- Costas e Portos: Lexislación estatal e autonómica. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Planificación urbanística da franxa litoral e dos portos. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

Tema 96.- Estradas: Lexislación estatal e autonómica.

Tema 97.- O dereito financeiro: concepto e contido. A Facenda Local na Constitución. O réxime xurídico das Facendas locais: criterios inspiradores do sistema de recursos e principios presupostarios.

Tema 98.- Os recursos das Facendas Locais no marco do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais: dos municipios, as provincias e outras entidades locais. Réximes especiais. As ordenanzas fiscais e de prezos públicos. Contido. Procedemento de aprobación e entrada en vigor.

Tema 99.- Taxas e prezos públicos. Contribucións especiais. Ingresos de Dereito privado.

Tema 100.- O Imposto sobre bens inmobles. O imposto sobre actividades económicas. Tema 101.- O Imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O Imposto sobre construcións, instalacións e obras. O imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Tema 102.- Actividade subvencional das Administracións Públicas. Procedementos de concesión e xestión das subvencións. Reintegro das subvencións. Control financeiro. Infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

Tema 103.- O Presuposto Xeral das Entidades Locais. Estrutura presupostaria. Elaboración e aprobación. Especial referencia ás Bases de execución do Presuposto. A prórroga do Presuposto.

Tema 104.- A execución e liquidación do Presuposto. Os remanentes de tesourería. A Conta Xeral: tramitación.

Tema 105.- A intervención no ámbito local. Control e fiscalización interna. A Tesourería municipal. Competencias. A planificación financeira.

ANEXO II

CONVOCATORIA ESPECÍFICA 3/2008: BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN

1.- Descrición das prazas.

Denominación: Administrativo

Nº Prazas: Unha (1)

Área de adscripción: Área de Administración Xeral e Réxime Interno 01.00.00.03.04.

Tipo de persoal: Funcionario de carreira

Escala: Administración Xeral

Subescala: Administrativo

Grupo: C

Subgrupo: C1

Nivel: 18

Funcións: As descritas na relación de postos de traballo do Concello de Pontedeume, aprobada definitivamente polo pleno na sesión celebrada o 22 de febreiro de 2007.

Observacións: Praza incluída na oferta de emprego público do exercicio de 2008, publicada no BOP nº 70 do 27.03.2008 e no DOG nº 65 do 04.04.2008.

2.- Sistema.

Oposición.

3. - Retribucións.

As retribucións correspondentes á citada praza, fixadas conforme ao establecido na lexislación vixente e concretadas no orzamento.

4.-Requisitos.

Os establecidos na base xeral segunda, sendo necesario, polo que atinxe á titulación, estar en posesión do título de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

5.- Documentación.

As solicitudes para participar no proceso selectivo terán que axustarse ao modelo establecido como Anexo I que se achega ás Bases Xerais e deberá xuntarse:

1.- A contida na base terceira das xerais.

2.- Copia auténtica ou compulsada do certificado ou documento acreditativo de coñecemento da lingua galega Celga 4 ou equivalente, para os efectos da exención prevista no exercicio correspondente.

6. Dereitos de exame.

Os dereitos de exame fíxanse en 15,00 euros.

7. Composición do Tribunal:

Estará constituído por:

- Presidente: un funcionario de carreira, titular e suplente

- Secretaria: a da Corporación e suplente

- Vogais: tres titulares e suplentes, funcionarios de carreira.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír titulación igual ou superior aos postos de traballo obxecto da convocatoria, cumprindo o disposto no artigo 60 do EBEP.

A designación nominal dos membros do Tribunal incluírá a dos respectivos suplentes e publicarase, como mínimo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, xunto coa publicación da relación definitiva dos admitidos.

8. Proceso selectivo:

A oposición constará de catro exercicios, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio:

Primeiro exercicio.-

Consistirá en contestar brevemente e por escrito un cuestionario de corenta (40) preguntas cortas relacionadas cos temas contidos na parte xeral do programa. O tempo máximo de realización deste exercicio será de dúas horas.

Segundo exercicio.-

Consistirá na exposición, por escrito, de dous temas, elixidos polos aspirantes de entre un mínimo de tres sacados ao chou polo Tribunal, antes da celebración do exercicio, dos que conforman a parte específica do programa anexo a estas Bases (Anexo). O tempo máximo de realización deste exercicio será de dúas horas.

Neste exercicio valorárase a formación xeral, a claridade e orde de ideas, facilidade de exposición escrita, e a capacidade de síntesis.

Tras o remate do tempo de exposición escrita, o tribunal poderá determinar a lectura individualizada do exercicio, podendo requirir ao aspirante aclaracións explicativas ao respecto da exposición escrita.

Terceiro exercicio.-

Constará de dúas partes:

1ª.- Consistirá en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" e o paquete ofimático "Office" a través de exercicios ou casos prácticos propostos polo tribunal a desenvolver cun ordenador durante un período máximo dunha hora e trinta minutos.

2ª.- Consistirá en demostrar a aplicación dos coñecementos, conforme os temas que compoñen o programa, nas materias de organización, funcionamento e réxime xurídico, procedemento administrativo, actividades e servizos locais, facendas locais, urbanismo ou contratación administrativa a través de exercicios ou casos prácticos propostos polo tribunal a desenvolver durante un período máximo dunha hora e trinta minutos.

Os aspirantes poderán acudir a esta proba provistos de normativa.

Cuarto exercicio.-

O exercicio consistirá en traducir un texto facilitado polo tribunal do castelán ao galego ou do galego ao castelán, sen axuda de dicionario e no tempo máximo de media hora.

Estarán exentos da realización desta proba os/as aspirantes que acrediten posuír titulación acreditativa de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou equivalente.

9.-Cualificación.

Cada exercicio puntuarase do seguinte xeito:

Primeiro exercicio: de 0 a 10,00 puntos. Sendo precisos 05,00 puntos para superar a proba.

Segundo exercicio: de 0 a 10,00 puntos. Sendo necesarios 05,00 puntos para superar a proba.

Terceiro exercicio: Cada parte do exercicio será puntuada de 0 a 10,00 puntos. Sendo necesarios 05,00 puntos en cada parte para superar a proba.

Cuarto exercicio: Apto ou non apto, sendo necesario obter apto para superar a proba.

A puntuación final será o resultado da suma da puntuación obtida nos diversos exercicios, sempre e cando os aspirantes superen todos os exercicios obrigatorios da fase de oposición.

ANEXO

PARTE XERAL.

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión.

Tema 2. A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. O Estatuto de Autonomía de Galicia. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo e ao Tribunal de Contas.

Tema 3. O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. O Poder Xudicial: principios constitucionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal.

Tema 4. O Tribunal Constitucional: composición e funcións. A reforma da Constitución.

Tema 5. O ordenamento xurídico-administrativo. (I) O dereito comunitario: regulamentos, directivas e decisións. A Constitución. A Lei: as súas clases. Os Tratados Internacionais.

Tema 6. O ordenamento xurídico-administrativo. (II) O regulamento: concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedemento de elaboración. Límites. O control da potestade regulamentaria.

Tema 7. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a Administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado e intereses lexítimos. Os actos xurídicos do administrado.

Tema 8. O procedemento administrativo: concepto e clases. A súa regulación no Dereito positivo: principios informadores. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. A obriga de resolver e o réxime do silencio administrativo.

Tema 9. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Motivación e forma. A notificación: contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. Demora e retroactividade da eficacia.

Tema 10. Eficacia dos actos administrativos. Executividade e execución forzosa. Suspensión. Validez e invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Convalidación, conservación e conversión.

Tema 11. Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión. As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións cívís e laborais. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: conciliación, mediación e arbitraje.

Tema 12. A coacción administrativa: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

Tema 13. A potestade sancionadora: concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e as súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.

Tema 14. Formas da acción administrativa, con especial referencia á Administración Local. A actividade de Fomento: as subvencións e normativa aplicable. A actividade de Policía: as licenzas e autorizacións administrativas, as súas clases. O Servizo Público Local: formas de xestión do servizo público local.

Tema 15. A intervención administrativa na propiedade privada. A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.

Tema 16. A responsabilidade da Administración Pública: evolución histórica e situación actual. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

Tema 17. Réxime xurídico dos contratos das Administracións públicas: administrativos típicos, especiais e privados. Requisitos dos contratos. A Administración contratante: Entes incluídos e excluídos do ámbito da Lei de Contratos do Sector Público; o órgano de contratación. O contratista: capacidade, solvencia, prohibicións, clasificación.

Tema 18. A selección do contratista, actuacións previas á contratación. Procedementos, formas e criterios de adxudicación. Contratos menores. Garantías. Perfeccionamento e formalización do contrato.

Tema 19. Execución e modificación dos contratos. Prerrogativas da Administración. A revisión de prezos. Extinción do contrato. Clases de contratos administrativos: contrato de obras, de xestión de servizos públicos e de suministros. Outros contratos administrativos típicos.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 20. O Réxime local: significado e evolución histórica. A Administración Local na Constitución. O principio de autonomía local.

Tema 21. As fontes do Dereito Local. A potestade regulamentaria das entidades locais: Regulamentos e Ordenanzas. Procedemento de elaboración. O Regulamento orgánico. Os Bandos.

Tema 22. O Municipio: Concepto e elementos. A organización municipal. Órganos necesarios e competencias: O Alcalde, Tenentes de Alcalde, o Pleno, e a Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos. A participación veciñal na xestión municipal.

Tema 23. A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. Réximes especiais.

Tema 24. As Illas: os Consellos e Cabildos Insulares. Outras Entidades locais. Lexislación básica e lexislación autonómica. Entidades locais de ámbito inferior ao municipio. As comarcas. As mancomunidades de municipios. As áreas metropolitanas.

Tema 25. Funcionamento dos órganos colexiados locais: réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do Presidente da Corporación.

Tema 26.- Ordenanzas e regulamentos das Entidades Locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 27. Especialidades do procedemento administrativo local. O Rexistro de Entrada e Saída de Documentos: requisitos na presentación de documentos. Comunicacións e notificacións.

Tema 28. As competencias municipais: sistema de determinación. Competencias propias, compartidas e delegadas. Os servizos mínimos. A reserva de servizos.

Tema 29. O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniais. Utilización: reserva e concesión.

Tema 30. Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común.

Tema 31. O persoal ao servizo das Corporacións Locais: Clases e réxime xurídico. Réxime xurídico do persoal funcionario das Entidades Locais: dereitos, deberes, réxime disciplinario.

Tema 32. Situacións administrativas do persoal funcionario. Dereitos económicos e seguridade social. Réxime de incompatibilidades.

Tema 33. As Facendas Locais: réxime xurídico. Clasificación dos ingresos. As ordenanzas fiscais. Réxime de aprobación.

Tema 34. Taxas e contribucións especiais. Os prezos públicos.

Tema 35. Os impostos locais: clases e réxime xurídico.

Tema 36. Os Orzamentos das Entidades Locais: contido e principios xerais. Proceso de aprobación do orzamento local. Fases de execución do orzamento. Liquidación do orzamento.

Tema 37. Réxime urbanístico da propiedade do solo: principios xerais. Clases de solo e principais características dos mesmos na lexislación estatal e autonómica de Galicia.

Tema 38. O planeamento urbanístico na lexislación autonómica de Galicia: significado e clases de plans. Procedemento de elaboración e aprobación. Efectos da aprobación dos plans. Modificación dos plans.

Tema 39. Intervención administrativa na edificación ou uso do solo. A licenza urbanística: actos suxeitos, natureza e réxime xurídico.

Tema 40.- Procedemento de outorgamento de licenzas. Prelación de licenzas e outros títulos administrativos. Caducidade das licenzas. Actos promovidos por outras Administracións Públicas.

Tema 41.- Licenzas de apertura de establecementos ou funcionamento de actividades. A súa relación coas licenzas de obras. Procedemento. O Decreto 133/2008, de 12 xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. O Regulamento xeral de policía, espectáculos públicos e actividades recreativas.

Pontedeume, **catorce de maio de dous mil dez**
O ALCALDE;

Asdo.- Gabriel Torrente Piñeiro